

Pola dignidade do noso país Galiza exige demisións

A CIG considera que os esforzos do conxunto da cidadanía, dos seus representantes sindicais, políticos e sociais debe dirixirse neste momento a **exixir do Goberno central unha atitude séria e responsábel con Galiza**, dotación de medios para loitar contra a maré negra, a limpeza de praias, o salvamento da fauna e da flora, financiar os estudos de avaliación de danos e empezar a apresentar planos e fondos para a urxente recuperación do noso país.

Só a mobilización dos galegos e galegas fixo e fará que o goberno do Estado español e a Xunta de Galiza entendan que este pobo non quer migallas, que este é un pobo digno, que no traga a manipulación mediática. Este pobo exige que os reponsábeis deste desastre demitan. Esta crise non pode saldarse sen que os incompetentes e negligentes que fixeron deixación de responsabilidades sigan nos seus postos.

A CIG reitera que **é responsabilidade e obriga fundamental do Goberno do Estado español a dotación dos fondos** para poder emprender a recuperación de Galiza logo da devastación xerada pola maré negra vertida polo petroleiro Prestige.

A Executiva Confederal da CIG pregunta-se como é posíbel que até o de hoxe o **Goberno do Estado español non declarase aínda Galiza como Zona Catastrófica**, sendo tan evidente a magnitude da devastación xerada pola maré negra, e demanda do Estado español esa declaración inmediatamante, para poder utilizar os recursos legais e financeiros que implican tal definición.



Mobilización permanente

Máis de 300.000 persoas o 1 de decembro en Compostela. Outras tantas o 11 de decembro en todas as cidades e vilas do país, mobilizacións locais durante todo o mes de decembro, demostran que o pobo galego non baixa a garda e mantén as súas exixencias através da Plataforma Nunca Máis.



Concentración do domingo 22 de decembro no Grove.

A folga de fame dos patróns do Grove, A Pobra e do xerente de Cangas logra que o goberno central prometa meios para loitar contra a maré negra

Despois da importante manifestación en Ferrol, 30.000 persoas, e en Corme, 3.000, da concentración en Compostela de 2.000 persoas arrodando a TVG para denunciar a manipulación informativa, e as 5.000 que asistiron ao concerto no Multiusos do Sar, todo isto o sábado 21 de decembro, o domingo 22 tocoulle ao Grove ser escenario dunha nova mobilización.

Ainda que foi convocada con pouco tempo, o venres á noite, e que o sábado foi un día festivo, unhas mil persoas concentraron-se o día 22 de decembro, a meiodía, no Grove para manifestar a súa solidariedade e apoio aos patróns maiores do Grove e A Pobra do Caramiñal e ao xerente da confraría de Cangas. Os tres estaban en folga de fame desde o pasado martes 17 de decembro, sumando-se-lles posteriormente varios mariñeiros e mariscadoras.

Entre os concentrados estaba unha importante representación de mariñeiros e viciños de Cangas que chegaron en varios autobuses, así como deputados e dirixentes sindicais nacionalistas, e o alcalde de Pontevedra. Había varias pancartas co lema “Nunca Máis” ou facendo referencia á loita contra o desastre, así como á negligencia da Xunta de Galiza e do Goberno central. Algunhas bandeiras patrióticas coa estrela vermella de cinco pontas, e piruletas impro-

visadas polos participantes. O xerente da confraría de Cangas e o patrón maior da do Grove dirixiron-se aos presentes, lendo primeiro un comunicado.

No comunicado facían referencia a que unha parte importante dos obxectivos que se fixaran cando encetaron coa folga de fame estaban conseguidos, xa que o subdelegado do Goberno en Pontevedra se comprometera o día anterior a fornecer axiña de máis medios para combater a maré negra. Por este motivo anunciaron o remate desta medida de forza, aínda que dixeron que continuarían vixilantes para que se cumpran os compromisos, evitar a desfeita das rias, e recuperar as zonas de costa afectadas, xa que era o seu medio de vida e o dos seus fillos. Avaliaron como un éxito a folga de fame e as mobilizacións que se realizaron, sen as cais non se tería acadado unha negociación directa co subdelegado do Goberno e a achega de máis medios para a loita contra a maré negra.

Ademais, manifestaron na súa intervención, que se solidarizaban coa Costa da Morte e outras zonas de Galiza atinxidas por esta nova maré negra, e que estaban dispostos a fornecer todos os medios dos que dispuñan para apoiá-los na loita contra o chapapote. Aínda, agradeceron moi especialmente á “Plataforma Nunca Máis”.

A Executiva Confederal da CIG considera inoportuno e incomprensíbel o Fondo de Solidariedade proposto pola CEOE, CCOO e UGT

Ante a proposta da CEOE e dos sindicatos estatais CCOO e UGT de crear un Fondo de Solidariedade financiado polos traballadores e traballadoras do estado español através dun incremento das cotizacións á Seguridade Social para atender as consecuencias da catástrofe do Prestige, a Executiva Confederal da CIG quer facer as seguintes consideracións públicas:

1.- A CIG reitera que **é responsabilidade e obriga fundamental do Goberno do estado español a dotación dos fondos** para poder emprender a recuperación de Galiza logo da devastación xerada pola maré negra vertida polo petroleiro Prestige.

2.- A iniciativa proposta pola CEOE, CCOO e UGT, nun momento en que o goberno central non apresentou aínda un plano integral de rescate das zonas afectadas e non sinalou tampouco de onde saíran os fondos públicos para executá-lo, é polo menos **inoportuna e só serve para desviar a atención sobre a responsabilidade central que ten o Goberno español neste tema tan crucial para Galiza**. Esa proposta é aínda máis incomprensíbel cando o propio ministro de Economía do Goberno do Estado español sinalou recentemente que hai suficientes recursos nos orzamentos públicos para enfrontar a catástrofe ser recorrer a financiamentos especiais.

3.- A CIG considera que **o goberno central debe neste momento utilizar os recursos legais que ten á súa disposición para enfrontar a catástrofe**. Entre outros recursos inmediatos estarían o endebedamento público, a suspensión da política de déficit cero, os mecanismos fiscais de todo tipo para poder financiar un urxente plano de choque contra a catástrofe mediante a execución dunha política tributaria progresiva (paga máis quen máis gaña), a utilización dos fondos europeos con diñeiro fresco, sen reprogramar os xa asignados a Galiza, etc. Curiosamente, o fondo proposto pola CEOE, CCOO e UGT pretende financiar-se de maneira regresiva e carga de igual xeito aos empresarios e aos traballadores, cando todos sabemos dos cuantiosos beneficios obtidos polas empresas nos últimos anos, mentres o poder adquisitivo dos asalariados está a ser minguado sistematicamente por unha inflación descontrolada.

4.- A Executiva Confederal da CIG pregunta-se como é posíbel que até o de hoxe **o Goberno do estado español non declarara aínda a Galiza como Zona Catastrófica**, sendo tan evidente a magnitude da devastación xerada pola maré negra, e demanda do estado español esa declaración imediatamente, para poder utilizar os recursos legais e financeiros que implican tal definición.

5.- A CIG considera que os esforzos do conxunto da cidadanía, dos seus representantes sindicais, políticos e sociais debe dirixir-se neste momento a **exixir do Goberno central unha actitude séria e responsábel con Galiza**, dotación de medios para loitar contra a maré negra, a limpeza de praias, o salvameto da fauna e da flora, financiar os estudos de avaliación de danos e empezar a presentar planos e fondos para a urxente recuperación do noso país. Máis dun mes despois da catástrofe vemos aínda os homes e mulleres do mar galego loitando bravamente contra a maré negra con escasos medios e a tres patróns maiores lanzados desesperadamente a unha folga de fame para exigir recursos e tecnoloxía suficientes para enfrontar o chapapote.



Confederación Intersindical Galega

Exemplares: 42.000. **Depósito Legal** C-1480/94

Edita: Confederación Intersindical Galega (CIG). R/Campo do Forno, Nº 1, 15703-SANTIAGO. Telf. (981) 564300. Fax (981) 571082.

Comisión de Redacción: Luís Burgos, Ramiro Oubiña, Bautista Vega, Manuel Mera, Ramón Maceiras **Coordenador de Redacción:** Ramón Maceiras. **Colaboracións:** Bieito Alonso Fernández, Rafa Villar, Lois Pérez Leira, Nati López Gromaz.

Impresión: Tameiga.

Redacción do Tempo Sindical: R/Campo do Forno, Nº 1. Santiago 15703. Teléfono: 981-564300. Fax: 981-571082

E-mail: cigcom@teleline.es

Executiva Confederal da CIG: Suso Seixo, Consuelo Martínez, Manuel Mera, Elvira Patiño, Ramiro Oubiña, Serafín Otero, Antolín Alcántara, Fernando Acuña, Carmen Antas, Manuel Currás Meira, Bautista Vega e Rosa Garrido.

Nunca Máis



Praia ateigada de chapapote na costa galega.

É un feito normal que Galiza fiquese desprotegida, orfa das obrigas do Goberno central ou sofrendo as consecuencias de medidas adoptadas por este que lle afectan negativamente. Mais poucas veces na historia recente a evidencia foi tan clara para o conxunto da poboación, mesmo para os máis escépticos, e as consecuencias tan graves. Ninguén pode entender, e menos aceptar, que nunha das costas fronte á que pasan milleiros de barcos perigosos, e que ten unha produción pesqueira e marisqueira tan importante, non houbera un corredor afastado da costa para os barcos que transportan mercadorias; non houbera remolcadores potentes e barcos para recoller cru; non existise un plano de emerxencia; etc. Resulta difícil comprender este grao de discriminación e negligencia cando se produciron accidentes tan graves non hai tanto tempo, como o do *Urquiola*, *Mar Egeo* ou *Casón*, por nomear só os últimos.

Tampouco non resultan comprensíbeis moitas das medidas que se tomaron co *Prestige*; mais, o que realmente abraia é que despois dun mes o Goberno central (que ten as competencias nestes temas) nen a Xunta de Galiza, que debe velar polos intereses do país, puxesen todos os medios necesarios para facer fronte á maré negra. Faltaron barreiras, colectores, traxes especiais para recoller o fuel, etc. Aínda que o máis grave foi a manipulación da información que se fixo arreo, pretendendo así eludir responsabilidades; mais tamén o restar importancia aos vertidos non axudou a unha prevención moi planificada por parte das zonas afectadas. Foron tantas as incompetencias, a información errónea, a falta de medios, e por tanto tempo, que resulta moi difícil pensar que non se fixo conscientemente; máxime cando noutros temas, especialmente aqueles que interesan ou favorecen ao Partido Popular, ambas as dúas administracións actúan con tanta eficacia.

A resposta do pobo galego merece un eloxio. As xentes das zonas costeiras, comezando polos mariñeiros e mariscadoras, enfrontaron-se cos poucos medios de que dispuñan contra a maré negra e, fundamentalmente, para evitar que entrase nas rías. E, ao mesmo tempo, e cos mesmos pulos comezaron as mobilizacións para exixir medidas que reparasen o dano e responsabilidades pola desfeita. Toda Galiza apoiou esta actitude, a solidariedade e a consciencia de país estivo á altura do momento, e todo o mundo ollou cara a unha Galiza disposta a defender a súa costa. Sen dúbida a manifestación en Compostela do pasado 1 de decembro reflectiu este sentimento de noxo e solidariedade, dor e loita, que inzou nos corazóns da maioría dos galegos e galegas, polo que, aínda que chovía a esgalla,

A CIG coida que as consecuencias do desastre do Prestige non teñen unha solución inmediata, polo que fan falla medidas globais a curto, medio e longo prazo. Investimentos que recuperen a costa así como afortalar a actividade noutros sectores produtivos que permitan manter o actual nivel económico e o emprego.

300.000 persoas axuntaron-se na capital do país.

Non só o Estado e a Xunta actuaron incorrectamente. Algúns dos medios de comunicación máis importantes, que levan décadas apoiando o centralismo e relegando todos os sinais da nosa identidade, ao non poderen negar a discriminación do Estado español con Galiza, practicaron a ignorancia informativa con respecto ás iniciativas que fronte á maré negra desenvolveu o nacionalismo. Quixo-se, quere-se, emendar todo, que todos os partidos e sindicatos aparezan como ausentes da loita contra a maré para que, co tempo e a despolitización os de sempre recuperen o espazo social perdido, aproveitando o seu poder económico e institucional. Sen dúbida este tipo de procederes son consecuencia da postura crítica da sociedade galega co Estado español e non só co Goberno central e o Partido Popular.

A perda de protagonismo social tampouco non foi ben dixerido por CCOO e UGT que primeiro se mantiveron á marxe da unitaria "Plataforma Nunca Máis" e despois, nunha arroutada, convocaron un paro para o día 13 de decembro. Un paro de catro horas, do que estaban excluídos unha gran parte dos asalariados (sector público e servizos básicos, os que non traballaban na quenda de mañá, etc.). Unha convocatoria que se facía á marxe da CIG, o que debilitaba aínda máis o paro. Ao final foi desconvocado, ao non acadar apoio necesario e recibir múltiples críticas.

A CIG coida que as consecuencias do desastre do *Prestige* non teñen unha solución inmediata, polo que fan falla medidas globais a curto, medio e longo prazo. Investimentos que recuperen a costa así como afortalar a actividade noutros sectores produtivos que permitan manter o actual nivel económico e o emprego. Para que isto sexa posíbel, para garantir ademais, que unha vez aprobadas as achegas e investimentos se cumpran, mesmo para que nunca máis volva a acontecer algo semellante, cumpre consolidar a unidade conseguida na "Plataforma Nunca Máis". Afortalar a Plataforma coa incorporación de novas asociacións e organizacións sociais de todo tipo, sen nengun tipo de sectarismo, exixindo só lealdade con Galiza. Entendemos que este é un problema nacional, non só da clase obreira, aínda que as centrais sindicais teñamos e debamos cumprir un papel dinámico e poñer todos os nosos medios na procura da súa solución dun xeito acaído para todas as clases sociais.

Todos e todas as persoas con consciencia de país unidos para que NUNCA MÁIS aconteza un feito semellante e se nos trate como a unha colonia.

A CIG demanda un plano integral de axudas para todos os sectores dependentes da actividade pesqueira

Xabier Aboi, secretario xeral da CIG-Mar, denuncia a “incompetencia” das autoridades e a falta de medios para atacar os vertidos de fuel nas costas galegas.

O secretario nacional de CIG-Mar, Xabier Aboi, reclamou un plano integral de axudas no que se inclua a todos os sectores dependentes da actividade pesqueira, debido ás consecuencias da maré negra provocada polo “Prestige”. Así mesmo, denunciou a “incompetencia” das autoridades para abordar o problema e a falta de medios.

En rolda de prensa, acusou ao delegado do Goberno, Arsenio Fernández de Mesa, de “enganar” á opinión pública sobre as medidas adoptadas. Asegurou que “se tardaron moitas horas en comezar a tomá-las” e que “cando se dicía que o barco estaba lonxe, os viciños xa o tiñan na porta das casas”. Explicou que tanto no caso da ría de Arousa, a onde indicou que está a chegar a mancha, como noutras zonas da Costa da Morte, non se atenderon as peticións de barreiras anticontaminación.

Como exemplo, citou o caso das lagoas de Anllóns “onde non había con que inchar as barreiras e os viciños tiveron que buscar un compresor dunha obra” ou o dunha piscifactoria dedicada á cria de rodaballo que tivo que adquirir as barreiras.

Toda a frota afectada

O secretario nacional de CIG-Mar acusou ás autoridades de tentar “amordazar o sector pesqueiro” coas axudas prometidas, que cualificou de “insuficientes”. Neste sentido, cuantificou en máis de 4.000 as persoas que viven directamente da actividade pesqueira. Ademais, por cada posto de traballo no mar hai sete en terra



O clamor popular contra os responsábeis políticos da administración central e galega expresa-se nas ruas galegas.

tamén afectados. Tanto Aboi como o representante da CIG na Costa da Morte (onde a CIG é maioritaria no terreo sindical), Xabier Santos, e da Agrupación de Marisco de Muxia, Santiago Pérez, indicaron que os barcos de arrastre e os palangreiros (que no caso de Muxia supoñen o 90 por cento da frota) están tornando sen pesca e co material coberto de petróleo.

Sobre as axudas, Aboi asegurou que “isto non é un corralito arxentino” e exixiu medidas que garantan a medio prazo a supervivencia das familias. Pola súa parte, o presidente da Agrupación de Mariscadores da Coruña, Carlos Suárez, reclamou a declaración de zona catastrófica.

Demisións

Por outra parte, a CIG criticou que nen o presidente do Goberno nen o ministro de Agricultura e Pesca

se desprazaran a Galiza. O sindicato reclamou o cesamento do ministro, do conselleiro de Pesca, por “actuar como bombeiro para tapar o Goberno”, e do delegado do Goberno en Galiza.

Así mesmo, fixeron extensivas as responsabilidades ao armador e ás autori-

dades marítimas españolas “por incompetencia dos seus mandos” e por non ter adoptado desde o “Aegean Sea” medidas como o mantimento en Galiza do remorcadador “Alonso de Chaves” ou ter un buque anticontaminante. Ademais, avogaron porque a normativa do dobre casco se aplique antes de 2005 e porque se afaste o corredor de Fisterra.



A sociedade galega está profundamente impactada pola catástrofe xerada pola maré negra e está en mobilización permanente desde os primeiros momentos.

A Executiva da CIG exige responsabilidades políticas ao Goberno central e á Xunta pola maré negra

A Executiva Confederal da CIG considera da máis elemental lóxica exixir responsabilidades políticas tanto ao Goberno central como autonómico, e demanda a demisión do presidente da Xunta, pola atitude indolente que mantivo durante esta catástrofe.

A Executiva Confederal da CIG considera que é moi importante que toda a sociedade galega se mobilice ante unha catástrofe que está a ter graves consecuencias económicas, sociais e medioambientais.

Para a CIG é importante seguir a manter a presión sobre os gobernos español e galego para obrigá-los a que poñan os medios necesarios para impedir que cheguen á costa galega os milleiros de toneladas de fuel-oil que aínda quedan hoxe no mar, así como para que habiliten todos os recursos económicos e técnicos necesarios para cubrir as perdas económicas de todos os sectores afectados e garantir a recuperación medioambiental da costa, no prazo de tempo máis curto posíbel. Dado que esta non é a primeira maré negra que sofre Galiza e hai perigos potenciais reais de que poida ocorrer outra en calquer momento, temos que seguir exixindo medidas preventivas eficaces, así como a creación en Galiza dun centro loxístico de investigación, prevención da seguridade marítima e intervención rápida en caso de emerxencia, dotado de todos os medios necesarios.

A Executiva Confederal da CIG considera da máis elemental lóxica exixir responsabilidades políticas tanto ao Goberno central como autonómico, e demanda a demisión inmediata do presidente da Xunta pola atitude que mantivo durante esta catástrofe, negando a gravidade dos feitos, manipulando a información e enganando á cidadanía, non fornecendo os medios técnicos necesarios para impedir a maré negra, adoptando unha atitude totalmente pasiva, negligente e despreciativa para os intereses de Galiza e da dignidade de todos os galegos e galegas. A irresponsabilidade mostrada polas cabezas visíbeis tanto da Xunta como do Goberno central sinalan claramente que se queremos solucións rápidas para paliar as consecuencias do desastre actual e que se poñan os medios para que isto non se repita non podemos deixar de presionar, mobilizar-nos e participar activamente nas actividades convocadas polas plataformas cidadás que se organizaron á calor da catástrofe.

O Secretariado Confederal da CIG chama á unidade do povo galego para defender os intereses do país

Entendemos que neste momento o fundamental é reforzar a unidade do povo galego na defensa dos seus intereses como país, dos sectores produtivos e do emprego. As actitudes divisionistas só favorecen aos que agrandaron o desastre e non puxeron medios para impedi-lo.

O Secretariado Confederal da CIG entende que existen motivos abondos para a realización dunha folga xeral en Galiza. Un paro que exixa ao Goberno central a declaración de zona catastrófica, así como de medidas económicas e sociais que garantan o nivel de actividade existente nas comarcas afectadas antes da maré negra. Medidas que permitan a recuperación total das costas e rias e compensen os esforzos realizados desde a sociedade para combater os efectos da desfeita. Unha folga xeral que pida responsabilidades pola discriminación, o engano, a incompetencia e o desprezo co que se comportaron co povo galego tanto o Goberno central como a Xunta de Galiza durante toda esta traxedia.

Pensamos que este é un problema de toda a sociedade galega, de todo o povo, de asalariados, autónomos e pequenos produtores; de obreiros e mariñeiros, de mariscadoras e hostaleiros, dos estudantes e mesmo dos labregos; a desfeita ecolóxica e económica causada polo Prestige e a negligencia do Goberno afecta a todo o país dun xeito ou doutro. Por iso, desde o primeiro momento, integramos-nos na “Plataforma Nunca Máis”, e con outras 50 organizacións convocamos, o pasado día 1 de decembro, a exitosa manifestación de Compostela que reuniu a 300.000 galegos e galegas solidarios e reivindicativos. Dende esta Plataforma unitaria, na que hai partidos, sindicatos, organizacións de estudantes, ecolóxicas, asociacións de veciños, etc, decidimos realizar novas mobilizacións e actividades en toda Galiza, combinando deste xeito as tarefas de loita contra a maré (que son prioritarias) coa reivindicación e a denuncia.

Neste contexto, ante a chegada constante de novas manchas de fuel, valorou-se na Plataforma que a folga nacional (posta a debate pola CIG), aínda sendo necesaria e non debendo-se adiar indefinidamente, debe esperar a o momento oportuno, acaído. A nosa central coida que esta é a actitude máis correcta tendo en conta o intre no que estamos.

Entendemos que neste momento o fundamental é reforzar a unidade do povo galego na defensa dos seus intereses como país, dos sectores produtivos e do emprego. As actitudes divisionistas só favorecen aos que agrandaron o desastre e non puxeron medios para impedi-lo.



A Quintana santiaguesa recebeu case 20.000 persoas o venres 6 de decembro.

Vinte mil persoas ateigan a Quintana convocadas pola Plataforma Burla Negra

Millares de gaiteiros/as, pandeireteiros/os, e persoas con todo tipo de instrumentos musicais, e sen eles, ateigaron a praza da Quintana de Santiago de Compostela, convocados pola Plataforma Burla Negra. Unhas 20.000 persoas, un Día da Pátria, foi o que se viveu na Quintana e nas ruas da parte antiga da capital de Galiza. O festivo e o reivindicativo deron-se a man, dende ás 12 ate pasadas as 14:30 horas. As intervencións estiveron a cargo de Xurxo Souto, Patricia Vázquez e a representante de AMELGA (Asociación de Músicos en Lingua Galega) Branca Villares.

O éxito desta convocatoria reflicte o estado de ánimo de toda a poboación galega, de noxo e solidariedade, de sensación de discriminación e pulo na consciencia de país. A convocatoria foi realizada co seguinte obxectivo “A Plataforma Burla Negra decidiu organizar unha Marela Negra Gaiteira para o Día da Constitución (6-D) como parodia da investidura de Fraga”.

A Plataforma contra a Burla Negra é unha iniciativa aberta e participada por grande parte do mundo da cultura, da comunicación e do ensino da sociedade galega. É unha plataforma de urxencia para dar resposta á grave crise na que estamos sumidos. É unha plataforma de acción orientada á denuncia da incompetencia da administración autonómica e estatal e á denuncia da censura da información nos medios públicos. Unímo-nos porque nos consideramos na obriga de responder contundentemente á situación de desgoverno e á falta de xestión que fai desta crise un conflito incontrolábel e de consecuencias irreversíbeis. Unímo-nos tamén para denunciar a falta total de medios e a descoordinación á hora de levar a cabo as tarefas de limpeza. Unímo-nos para denunciar a inexistencia dun

plano de previsión e de rexeneración das nosas costas. Unímo-nos porque non queremos ser un país subsidiado.

Dende a Plataforma contra a Burla Negra consideramos que temos unha responsabilidade que está por encima de todo. O mar é de todos e todos estamos no mesmo barco. Todos somos afectados directos polo desastre e nesa medida, os galegos e galegas do mundo do audiovisual, da música, das letras, das artes plásticas, do teatro, da comunicación, do ensino e do asociacionismo asumimos un compromiso necesario.

Un compromiso de denuncia e ao tempo un compromiso de acción para que a sociedade galega se manteña en pé. Dende a nosa posición imos poñer en marcha iniciativas de todo tipo para que a sociedade galega non perda a memoria. Non podemos seguir deixando-nos levar polo medo. Debemos unir-nos e responder con contundencia para que as cousas cambien dunha vez por todas.

No fondo pedimos algo moi sinxelo: Liberdade, para que os medios públicos que pagamos todos nos informen da realidade sen censuras nen manipulacións.

Competencia. Que se actue con dilixencia e con rapidez, aínda que o dano xa estea feito.

Responsabilidades até as últimas consecuencias. Non podemos quedar cos brazos cruzados vendo como os que nos gobernan non fan nada para evitar que Galiza se afunda na máis profunda das misérias. Menos aínda podemos consentir que os responsábeis do desastre continúen nos seus cargos como se nada tivese pasado.

Exiximos a valoración real das dimensións do desastre. Que a costa galega sexa declarada zona catastrófica. Resulta absurda e insultante a insistencia das autoridades por minimizar o desastre.

Efeitos económicos da maré negra do Prestige

O mércores 13 de novembro de 2002, o petroleiro “Prestige”, cargado con 77.000 t de fuel-oil, lanzou unha mensaxe de auxilio no Cabo Fisterra (Galiza-España). Comezou así un dantesco arrastre que acabaría co afundimento do barco perto das Illas Cies o 20 de novembro e provocando unha situación catastrófica desde o punto de vista ambiental e económico. A día de hoxe estamos imersos no decorrer dos feitos, ante o que semella ser só unha primeira fase da maré negra. A situación actual podería agravar-se se a maré negra se estende á Ría de Arousa ou a máis zonas da costa galega. Sería precipitado axustar demasiado en canto á magnitude dos efectos económicos; non obstante e, por desgracia, o coñecemento previo de catástrofes similares nas costas galegas (“Polycommander” en 1970, “Urquiola” en 1976, “Andros Patria” en 1978, “Aegean Sea” en 1992, e outras) permítenos avanzar o que sen ningunha dúbida serán algúns deses efectos.

A maré negra do Prestige está afectando a zonas de importantísimo valor ecolóxico, a maior parte delas zonas protexidas e catalogadas polo seu interese medioambiental, paisaxístico e faunístico. A Costa da Morte, o complexo húmido de Corrubedo e de Baldaio, a desembocadura do río Anllóns, a lagoa de Traba son só algúns exemplos das zonas afectadas, todas elas entre as áreas ornitolóxicas máis ricas de Europa. Tamén están afectadas as illas Sisargas e o cabo Vilán onde se atopan as últimas colónias de arao común (*Uria aalge*), como-rán moñudo (*Phalacrocorax aristotelis*), gaivota tridáctila (*Rissa tridactyle*), etc. A costa afectada posúe, ademais, unha extraordinaria riqueza en especies

O desequilibrio económico provocará desaxustes produtivos en todos os sectores por transmisión duns sectores a outros. É dicir, o primeiro gran impacto multiplicará-se a medida que, polo encadeamento produtivo, se desprace a todos os demais sectores da economía.

*Maria do Carme Garcia Negro e Xoán Ramón Doldán**



O fuel vertido nas praias galegas estará anos afectando a vida mariña.

Se atendemos ás repercusións económicas nos sectores que viven máis directamente do mar, a destrución do meio mariño afectará ás actividades pesqueira, mariscadora e acuícola, pero tamén a outros sectores que viven e traballan directamente destas (redeiras, transportistas, manipuladores en porto, estaleiros, fornecedores de subministrados, comercializadores...), ou ao resto da economía (hostelaria, comercio, sector inmobiliario, turismo...).

***Maria do Carme Garcia Negro e Xoán Ramón Doldán Garcia son directores do Equipo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais do Departamento de Economía Aplicada da USC.**

de peixes, moluscos e crustáceos mariños (xurel, polbo, ameixas, mexillóns, percebes, centolas, nécoras, etc, etc) de gran valor no mercado de consumo humano. Esta situación ve-se agravada polo feito de que, no caso do “Prestige”, o até agora inominable derivado do petróleo, presenta un alto nivel de toxicidade, é de moi baixa calidade e posúe unha capacidade contaminante enorme pola presenza de benceno, xofre e tolueno, coas consecuencias que se podan derivar a medio e longo prazo sobre a saúde da poboación.

Por suposto, o evidente e gravísimo impacto biolóxico e ecolóxico non pode separar-se do impacto económico, que perdurará moito tempo. Cómpre lembrar que en Decembro de 2002 cumpren-se dez anos do embarrancamento e maré negra do “Aegean Sea”, que afectou á costa coruñesa de Sisargas a Ponta Langosteira e cuxos efectos económicos aínda non desapareceron totalmente. Esta zona está novamente afectada, ampliando-se os efectos até hoxe a máis de

400 quilómetros de costa, nunha zona onde a dependencia económica da actividade pesqueira e marisqueira é altísima. A economía vai-se ver resentida alomenos mentres que non se produza o reequilibrio ecolóxico e mesmo con posterioridade, e sabemos que tal reequilibrio será só parcialmente posíbel e no longo prazo. Estamos pois, ante períodos de recuperación económica e medioambiental que superarán como mínimo os dez anos, e que mesmo nalgúns espécies poden chegar aos 25 anos.

É preciso, por tanto, considerar tanto os efectos económicos sobre as actividades produtivas ligadas directa ou indirectamente ao mar (bens e servizos de mercado), como os efectos económicos sobre os bens e servizos que non son obxecto de explotación mercantil mais que son indispensábeis para a sustentabilidade económica e ecolóxica (bens e servizos de non mercado), como son o patrimonio natural e a perda da riqueza de ecosistemas únicos da Unión Europea no Atlántico Norte. Todos eles poden ser obxecto de valoración monetaria, xa que teñen un valor económico de seu, máxime cando estamos a falar da inevitábel indemnización ás persoas afectadas que, neste caso, son tanto as que viven máis directamente do mar como a sociedade galega no seu conxunto. Non esquezamos que estamos ante unha perda patrimonial que pertence a todos os cidadáns deste país e que ten unhas características únicas no mundo.

O desequilibrio económico provocará desaxustes produtivos en todos os sectores por transmisión duns sectores a outros. É dicir, o primeiro gran impacto multiplicará-se a medida que, polo encadeamento produ-

As persoas que traballan directamente na pesca extractiva galega son 41.600, delas 18.400 na provincia da Coruña, case todas afectadas neste momento pola maré negra; ademais, 9.200 persoas traballan no marisqueo e 13.422 na acuicultura (estas cifras elevan-se a 119.874 persoas se incluimos emprego directo e indirecto, o 12,2% do emprego total galego). Algunhas localidades da zona afectada dependen case en exclusiva da pesca: Fisterra (47,2% das persoas ocupadas), Ribeira (39,9%), Malpica (32,4%), Camariñas (27,9%)...



A limpeza das praias emporcadas pode tardar anos.

dos máis ou menos prolongados, verá-se interrompido en grande medida, en función das agresións que o mar e o ambiente natural sufran. Habería que ir aínda máis lonxe, xa que esta afectación acabará por implicar non só ás zonas afectadas senón tamén á marca turística de Galiza e á alta calidade dos produtos galegos.

A interrupción nos movementos turísticos provocará unha caída no consumo de produtos nestas zonas, sen que os provedores podan compensala con vendas noutros lugares, xa que moitos destes produtos están ligados á actividade turística ou son dificilmente mobilizábeis para outro lugar. É o caso dos produtos pesqueiros e marisqueiros que se consumen localmente e que en certa época do ano, ante unha maior demanda pola afluencia dos turistas, poden elevar os prezos. Os pescadores de baixura e marisqueiros terán así menos poder adquisitivo, o que repercutirá entre outras cousas no comercio e na venda de inmóbeis (que tamén se verán afectados pola menor afluencia turística). Do mesmo xeito, a hostelería local verá diminuír a súa actividade.

Nesta altura, e á espera de como se desenvolvan os acontecementos, a catástrofe xa ten alcanzado dimensións xigantescas, de feito, a maioría dos medios

de comunicación internacionais xa a sitúan, por gravidade, por riba da maré negra acontecida en 1989 en Alaska co "Exxon Valdez". Naquel momento (hai 13 anos) o dano valorou-se no equivalente a 2.800 millóns de euros, chegando a superar os pagamentos entre indemnizacións, multas e traballos de limpeza os 3.000 millóns de euros. A nosa trágica experiencia en catástrofes anteriores, alonxanos moito destas cifras, a indemnización pola maré negra de 80.000 t de petróleo provocada polo buque grego "Aegean Sea" (propiedade do mesmo armador que o "Prestige") na baía da Coruña (Galicia) en 1992 foi de tan só 63 millóns de euros, indemnización que os afectados aínda non percibiron na súa totalidade.

Temos a responsabilidade de esclarecer ao máximo os efectos económicos e ambientais desta catástrofe co fin de obrigar aos responsables a aliviar as perdas irreparábeis. Debe evitar-se, dunha vez por todas, que unha catástrofe destas características sexa tratada e valorada de forma distinta dependendo da importancia económica do país que a sofre. Pola súa dimensión, esta é unha catástrofe ecolóxica mundial e así debe tratarse. A ignorancia dos feitos e o silencio, é cúmplice. Pedimos a colaboración de todo o mundo para que isto non volva suceder NUNCA MÁIS.



tivo, se desprace a todos os demais sectores da economía.

Para entender mellor as implicacións económicas da catástrofe, cómpre analizar brevemente a importancia do sector na economía galega. As persoas que traballan directamente na pesca extractiva galega son 41.600, delas 18.400 na provincia da Coruña, case todas afectadas neste momento pola maré negra; ademais, 9.200 persoas traballan no marisqueo e 13.422 na acuicultura (estas cifras elevan-se a 119.874 persoas se incluimos emprego directo e indirecto, o 12,2% do emprego total galego). Algunhas localidades da zona afectada dependen case en exclusiva da pesca: Fisterra (47,2% das persoas ocupadas), Ribeira (39,9%), Malpica (32,4%), Camariñas (27,9%)... A frota galega é de 8.811 buques, dos que 6.000 son buques artesanais e máis de 2.000 adican-se tamén á pesca costeira que son as frotas máis afectadas pola catástrofe. A produción pesqueira galega supón arredor dun 40% da española, sendo a primeira rexión pesqueira de Europa.

Se atendemos ás repercusións económicas nos sectores que viven máis directamente do mar, a destrución do medio mariño

afectará ás actividades pesqueira, mariscadora e acuícola, pero tamén a outros sectores que viven e traballan directamente destas (readeiras, transportistas, manipuladores en porto, estaleiros, abastecedores de subministros, comercializadores...), ou ao resto da economía (hostelaria, comercio, sector inmobiliario, turismo...). O menor poder adquisitivo dos pescadores e marisqueiros necesariamente suporá un problema gravísimo para toda esta zona, empiorando o que xa viña sendo unha situación de declive económico e demográfico (hai que lembrar que grande parte da emigración galega ao exterior procede precisamente destes lugares). Efeitos que serán máis graves nas zonas afectadas pero que se deixarán notar tamén no resto de Galiza. A isto habería que engadir a perda na calidade de vida, pola destrución do ambiente e da paisaxe e incluso da propia cultura do povo galego, por estar ésta desde tempos imemoriais unida ao mar.

A paralisación das actividades de pesca extractiva, marisqueo e acuicultura suporán unha perda inmediata de ingresos (máis importante por se producir nunha época na que os prezos son sempre máis elevados). Pero as perdas en ren-

das para as persoas que viven directamente do mar non rematarán cando se levanten as restriccións para traballar nestas actividades. Os efectos sobre o ambiente farán que a pesca extractiva vexa mermadas gravemente as capturas de certas especies e que o desequilibrio ecolóxico merme as capturas totais, con un resultado final no que haberá unha caída continua do valor da produción pesqueira durante varios anos. Algo semellante ocurrirá co marisqueo, sobretudo nalgúns espécies como o percebe polo seu carácter sedentario. Do mesmo modo, actividades como a produción de mexillón poderían ver-se gravemente afectadas xa que os períodos desde o cultivo até a recollida son dun mínimo de 18 meses, contados a partir do momento en que podan volver a traballar.

A zona afectada pola maré negra do Prestige é, sen dúbida, ademais, dun enorme atractivo turístico. A Costa da Morte, o litoral e as rias galegas son luga-

res de referencia turística pola súa paisaxe, entorno natural, e peculiaridades etnográficas, razón pola cual se pretendía converter nun activo económico máis para os habitantes da zona. Ademais, o carácter simbólico de Fisterra como Finis terrae europeo, ou como lugar de remate do camiño de Santiago, son elementos dun especial atractivo turístico. O desprazamento de persoas cara esta zonas por perío-

A maior manifestación da historia de Galiza exige demisións e solucións

Demisión!!!!... demisión!!! este foi o berro que máis se escoitou na boca das 300.000 persoas que ateigaron as ruas de Compostela o 1 de decembro.

Manuel Mera

Alguns dados: os últimos manifestantes tardaron tres horas en chegar á praza do Obradoiro; a praza encheu-se a tope en tres oportunidades, e todo isto mála que choveu dende as primeiras horas da mañá e durante todo o tempo que durou a mobilización; as autoestradas de pago tiveron que abrir as peaxes xa que había retencións de ate 15 quilómetros de coches, inzaron as protestas das persoas que querían chegar a tempo á mobilización, sería a primeira vez que non se cobraba... un bo precedente.

Puxemo-nos todos como pitos, mála o cal foron poucos os que non fixeron o percorrido completo. Había no ambiente noxo, falaba-se moito como deixando saír a carraxe contida tantos días contra a manipulación informativa, o engano, a neglixencia, o menosprezo, a impotencia diante da desfeita dunha das riquezas máis grandes do país. A xente falaba e berraba contra un Fraga prepotente, que se vai de caza mentres a xente pasa un dos momentos máis difíciles das últimas décadas. Por iso, demisión!... demisión!... sería un dos berros que máis se repetiron, con teimosia.

Ao inicio uns poucos problemas co líder do PSOE, Rodríguez Zapatero, que chegou rodeado de gardacostas e dirixentes do seu partido e pretendendo facer-se con todo o protagonismo copando o primeiro lugar despois da cabeceira pactada, como se os que ali estiveran dende había ho-



A Praza do Obradoiro estivo a reventar de indignación patriótica.

ras foran uns paspáns á espera do líder chegado de Madrid que iluminara coa súa presenza aos manifestantes. Os meios que o arrodean axiña, os gardacostas

que empurran aos manifestantes... Protestas destes últimos, algun dos que levaba horas cabrea-se, outro perde os nervos, alguén guinda un ovo, pouca cousa,

aínda que semella demasiado para un dirixente que viña a facer a foto, e semella pouco afeito ás mobilizacións, á loita social. Total, que ao pouco xa ninguén soubo del, seguramente liscou para facer nun lugar menos chuvioso unha rolda de prensa e acusar aos presentes (ao nacionalismo, como fai o PP) de actitudes pouco democráticas. Como se fose democrático o oportunismo, a preparación mediática con debuxo por medio (no principal xornal en tirada de Galiza) colocando-o á fronte da mobilización coa bandeira galega... como se a nosa bandeira fose un pendón que pode levar calquera polo feito de vir-nos a facer unha visita... como se

fósemos unha tropa de bo-rregos esperando os xefes de Madrid. Cumpre lembrar, poida que moitos lectores non o saiban, que o PSOE non quixo formar parte da

“Plataforma Nunca Máis” acusando-a de “nacionalista” e sumou-se á manifestación unha vez que se decatou que era imparábel, desistindo de montar outra alternativa na Coruña co apoio da UGT e CCOO.

Galizata toda en Compostela

Na mobilización a maioría era da costa, das zonas afectadas ou que poden está-lo, mais tamén había moitas persoas ¡moitas! do interior. Salientaban os mozos e mozas, porén non eran poucas as persoas con máis anos de vida. Estaba presente unha morea de militancia organizada de partidos, sindicatos e asociacións de todo tipo, aínda que o nacionalismo sobresaía tanto en simboloxía como en presenza numérica.

Unha vez máis nesta mobilización reflectiu-se que na rua, en capacidade mobilizadora, o nacionalismo (tanto das organizacións políticas como sindicais) supera en moito ás forzas que teñen como ámbito o



Un bloque compacto de manifestantes nas ruas santiaguesas.



Baixo a choiva durante máis de tres horas.



Á esquerda, a cabeceira da manifestación. Nas gráficas de abaixo, á esquerda a cantante Uxía Senlle e o escritor Manolo Rivas.



Estado español. Esta foi máis unha vez unha repetición do que pasa desde hai décadas, aínda que mediaticamente se pretenda recuperar a todos os niveis ao españolismo socialdemócrata (ou sexa dun capitalismo globalizador máis liberal, con maior capacidade de engaiolar a un eleitorado canso de promesas, afastado da “clase política”). Agora ben, a rua non é tan doado de manipular como a tendéncia do voto, necesita máis traballo de campo, de militancia entregada, de propostas que fornezan saídas reais aos problemas do pobo, da nación.

Durante o percorrido, no que a xente ía amoreada, enchoupada pola chuvia que caeu arreo, eran numerosos os berros pedindo

responsabilidades ao Goberno central e á Xunta de Galiza, así como exixindo medidas inmediatas, solucións xerais. Foron os máis repetidos: “Fuel, PP, a mesma merda é”; “Promesas non, solucións”; “Emigración non, solucións”; “Aquí se nota, aquí se ve, o pobo galego en pé”; “Aznar atende, Galiza non se vende”; etc.

Por suposto que os berros que se daban, todas as pancartas das organizacións e imensa maioría daquelas que se portaban individualmente estaban en galego, aínda que nas primeiras informacións electrónicas dos medios serían traducidas. Amosando deste xeito, unha vez máis, a súa colaboración nula coa normalización idiomática e o

respeito á súa lingua, ao noso pobo.

A praza encheu-se tres veces

Na praza, que como dixemos encheu-se por tres veces e unha das máis grandes de Galiza, despois de esperar un longo tempo come-

zou o acto final. Fixo de apresentador Carlos Blanco (de Mareas Vivas), a continuación unha breve canción de Uxía Senlle que, cunha voz limpa, melódica, encheu de forza mariñeira o ambiente. Despois o escritor Manuel Rivas leu o manifesto da “Plataforma Nunca Máis” na que están integradas

máis de 40 organizacións (entre elas a CIG) que era a convocante da manifestación.

Por último o hino galego cantado por Guadi Galego (Berrogüetto) e por tanto dos presentes e con tanta forza, que coido que nunca o escoitei así. Mesmo eran moitos os puños en alto, recuperando ese sentido de pobo, de liberación, que sempre tivo o noso hino de pátria asoballada. Despois de pedir á xente que saíra cara á facultade de Medicina para non atascar os que seguían chegando, houbo dende o palco verbas de desculpa con Portugal polo comportamento do Goberno español, e agradecimento á unha delegación da Intersindical Portuguesa (CGTP-IN) pola súa presenza na manifestación (moitos pensaron, algúns comentaron: sorte que nos queda Portugal).

Poucos minutos despois, a exixencia de continuar dos que chegaban e ategaban de novo a praza do Obradoiro, e unha vez máis canta Uxía e le-se a declaración da Plataforma, por último o hino. Daquela todas as pancartas e bandeiras xa son nacionalis-

tas, agás algunha excepción. Eran as máis das 15:30 horas cando chegaban os últimos manifestantes á praza do 12 horas, cando fora convocada a manifestación máis grande que percorreu as ruas de Galiza.

Esta foi unha manifestación do pobo, dun pobo que quer decidir libremente, democraticamente o seu destino, onde non houbo protagonismos especiais, todo foi da xente, dos mariñeiros e traballadores en xeral, dos militantes de base. Unha mobilización que ben pode marcar un antes e un despois no noso país. De calquer xeito esta é unha loita que semella vai ter dous niveis. Un, o máis prioritario hoxe, o de exixir solucións que permitan minimizar os efectos da maré negra en todos os sectores afectados, directa e indirectamente. Dous, consolidar e organizar este pulo da resposta social, de xeito tal que non se volvan a repetir situacións de marxinalización e discriminación con Galiza. Ou sexa: que non se nos trate como unha colónia. A loita continuará, aínda que con máis forza e tamén realizando máis exixencias, ao Goberno e á Xunta, e tamén aos partidos e organizacións alternativos.



O Comité de CRTVG denuncia a manipulación informativa e pede a demisión dos directores

Os xornalistas dos medios públicos galegos están a rebelar-se diante dos manifestos casos de censura informativa sobre a catástrofe do Prestige. Mentres o Comité Interempresas da CRTVG pedía a demisión da dirección do ente autonómico, os traballadores de RTVE-Galicia fixeron o xoves 12 un paro de dúas horas para rexeitar o recorte orzamentario e criticar a política informativa «imposta pola dirección».

O Comité Interempresas da Televisión e a Radio Galegas pediu o mércores 11 de decembro en rolda de prensa a demisión do director xeral e de toda a equipa directiva por mor do «tratamento informativo da catástrofe do Prestige, pero exercida de forma permanente nos últimos anos (vacas tolas, incendios...)». Ademais, solicitou ao abeiro do Valedor do Povo co fin de exixir o cumprimento da Lei de Creación da CRTVG.

O persoal da Televisión e a Radio acordou tamén «solidarizar-se coa cidadanía directamente afectada por esta catástrofe, compartindo a indignación social por este desastre ecolóxico que terá brutais consecuencias económicas e humanas para o conxunto do país». Segundo un comunicado do Comité, «catástrofes como estas son as que evidencian a necesidade social de contar cuns medios libres e veraces que exerzan como servizo público e non como meras correas de transmisión do Goberno». Na súa opinión tal manipulación informativa é posíbel por mor das deficiencias na propia Lei de Creación da CRTVG, que deixa en mans do Goberno a designación do director xeral da CRTVG; do incumprimento reiterado da Lei (que fala de pluralidade, veracidade e ausencia de partidismo como principios programáticos); a situación interna, xa que -segundo o Comité- «boa parte do cadro de persoal fixo é apartado das noticias polémicas que son sistematicamente encargadas a persoal contratado en precario e polo tanto máis susceptible de ser presionado».

Tamén denuncian a privatización encoberta da TVG. Aseguran que moitas das novas emitidas nos telexornais «non son elaboradas desde a Televisión, senón desde produtoras privadas». Os traballadores de RTVE-Galicia realizaron o xoves 12 un paro de dúas horas para rexeitar o recorte orzamentario da cadea pública e a súa perda de poder adquisitivo, aínda que a delegación en Galiza aproveitou para criticar a política informativa «imposta pola dirección» do ente público respecto á crise do Prestige. Os xornalistas exixiron así que o ente público cumpra «escrupulosamente» coas súas obrigas legais de dar «unha información plural, veraz e de calidade» ao servizo dos cidadáns, xa que agora mesmo consideran que non é máis que un «instrumento do Goberno».



Confederación Intersindical Galega

ESTRUTURA	ENDEREZO	C_POST	Localidade	TELF1	TELF2	FAX
SEDE CENTRAL	R/Campo doForno, No.1	15703	Santiago	981564300		981571082
Local Nacional	Gregorio Espino, 47-..	36205	Vigo	986262679		986262781
Local Madrid	Carretas, 14-6° C	28012	Madrid	915216968		915216968

Vigo	Gregorio Espino, 47-en..	36205	Vigo	986262689		986262844
O Morrazo	Atranco,16 entrechán	36940	Cangas	986302987		986302987
O Porriño	A. Palacios (casa sindical)	36400	O Porriño	986337263		986338744
A Guarda	Manuel Lomba, 2-1°	36780	A Guarda	986610465		986610465
Pontevedra	Pasantería, 1-baixo	36002	Pontevedra	986852950		986855050
A Estrada	Castelao, 16 baixo	36680	A Estrada	986590900		986590047
Caldas	Ferrera, 32	36650	Caldas	986540679		
Cambados	Infantas, 7-1	36630	Cambados	986542743		986542743
O Grove	Luís Casais, 3 ent. D2	36980	O Grove			
Vilagarcía	Alexandre Bóveda, 2-2°	36600	Vilagarcía	986505323		986506450
A Illa	Cantiño, s/n	36626	Illa de Arousa			
Marín	Calvo Sotelo, 110 ent.	36900	Marín	986882509		986882509
Lalín	Areal, No. 1 entrechán 3	36500	Lalín	986782191		986782891
Ourense	Parque S. Lázaro, 12-1°	32003	Ourense	988233134		988222855
O Carballiño	Carlos Velo, 2 baixo	32500	O Carballiño	988272811		
O Barco	Pza. do Concello, 2, 1°PL.	32300	O Barco	988321511		988326723
Verín	Pedro González, 3	32600	Verín	988411013		988411013
Ribadavia	Parque de S. Francisco, s/n	32400	Ribadavia	908885970		
Xinzo	Campo do Toural, s/n	32630	Xinzo de Límia	988462583		
Trives	S. Bartolomé, s/n	32780	A Póboa de Trives			
A Coruña	Alfonso Molina,s/n-6	15007	A Coruña	981169293		981151539
Betanzos	Avda. da Coruña, s/n-2°	15300	A Coruña	981774988		981774988
Carballo	Rosalía de Castro, 7-1°	15100	Carballo	981703169		981703169
Cee	Trav. do Matadoiro, 3-2°	15270	Cee	981745266		981745266
Ferrol	Eduardo Pondal, 41/43 ent.	15403	Ferrol	981358750		981358760
Cedeira	Real, 18 baixo	15350	Cedeira	981482547		981482547
As Pontes	Balsa, 28	15320	As Pontes	981451510		981452919
Santiago	Entrepexigos, 24 baixo	15703	Santiago	981583457		981583934
As Rías	Xral. Franco, 64/66-3°	15635	Ribeira	981873654		981874039
Noia	Xosé Suárez, 2 - 2°	15200	Noia	981823754		981823754
Lugo	Ron.Muralla, 58 baixo	27003	Lugo	982225812		982253891
Vilalba	Campo da Feira, s/n-2°esq.	27800	Vilalba	982512556		
Chantada	Xoán XXIII, 23-1° Dta.	27500	Chantada	982441111		982441111
Monforte	Inés de Castro, s/n	27400	Monforte	982403005		982403005
A Mariña	García Dóriga, s/n	27850	Viveiro	982561541		982551985
Ribadeo	Avda. Galiza, 20-3°	27700	Ribadeo	982129593		982129593
Burela	A., Arcadio Pardiñas, 137	27880	Burela	982581861		982581861

Metal	Gregorio Espino, 47-entch.	36205	Vigo	986373465		986262844
Ensino	Avda. de Lugo, 209-entrech	15702	Santiago	981573938		981576800
Const. e Madeira	Parque de S. Lázaro, 12-1°D	32003	Ourense	988251280		988222855
Quím. e Enerxía	Pexigo de Abaixo, 22-bis.	15703	Santiago	981564300		981571082
Banca e Aforro	Gregorio Espino, 47-entch.	36205	Vigo	986374008		986262844
Transporte	Ronda de Nelle, 11-bis.	15007	A Coruña	981169293		981151539
Alimen. e Téxtil	Gregorio Espino, 47-entch.	36205	Vigo	986374195		986262844
Mar	Calvo Sotelo, 110-ent.	36900	Marín	986882509		986882509
Saúde	Gregorio Espino, 47-entch.	36205	Vigo	986262689		986262844
Administración	Gregorio Espino, 47-entch.	36205	Vigo	986373244		986373244
Servizos	Ronda de Nelle, 11-bis	15007	A Coruña	981169293		981151539

Forga	Gregorio Espino, 47-ent.	36205	Vigo	986262691		986374016
Vigo	Avda. Aeroporto, 92-baixo.	36206	Vigo	986280776		986280931
Pontevedra	Médico Ballina, 14-baixo	36155	Pontevedra	986833015		986874121
A Coruña	Lugar do Río, 70-baixo	15190	A Coruña	981141530		981141510
Ferrol	Eduardo Pondal, 41/43 ent.	15403	Ferrol	981350644		981351143
Fene	Avenida do Mar, bloque 8-24	15500	Fene	981341406		981341406
Santiago	Rosalía de Castro, 37	15895	O Milladoiro (Ames)	981530257		981530257
Lugo	Ramiro Rueda, 11-13-baixo	27003	Lugo	982253865		982253865
Ourense	Río Mao, 27-baixo	32001	Ourense	988373707		988373851

Migración	Gregorio Espino, 47-baixo	36205	Vigo	986266282		986266282
Migración	Entrepexigos, 24 baixo	15703	Santiago	981577074		981571082
Normalización	Entrepexigos, 24 baixo	15703	Santiago	981564300		981571082

MANIFESTO DA PLATAFORMA CIDADÁ «NUNCA MÁIS»

Galiza debe ser declarada zona catastrófica

As múltiples e diversas entidades (partidos políticos, sindicatos, confrarias de pescadores, asociacións de mariscadores, grupos ecoloxistas, etc.) que decidimos constituirmo-nos en Plataforma Cidadán “Nunca Máis”, que con carácter unitario e aberto pretende canalizar as xustas demandas da cidadanía galega para a pronta reparación dos danos causados polo buque Prestige, exiximos:

- **A declaración de Galiza como zona catastrófica** coa inmediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuencias económicas, sociais, medio-ambientais e para a saúde provocadas polo sinistro.

- **A inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento**, coa posta a disposición dilixente dos medios económicos e lóxicos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e a restauración medioambiental da costa.

- **A adopción de medidas por parte do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza** que posibiliten que feitos como este non se volvan a repetir, con medidas dirixidas a aloxar o tráfico de mercadorías perigosas das costas, controlar o tráfico, controlar o estado dos buques e as infraestruturas portuarias que almacenan substán-

Integrada por sindicatos, confrarias de mariñeiros, asociacións de mariscadores, grupos ecoloxistas, partidos políticos e organización sociais moi variadas, a Plataforma Nunca Máis canaliza desde os primeiros momentos da catástrofe a resposta cidadá en Galiza e noutras partes do mundo.



A Plataforma Nunca Máis encabeza a mobilización social en Galiza.e

cias perigosas, e dotar a Galiza dun dispositivo de salvamento, loita contra a contaminación mariña e intervención rápida en casos de catástrofe suficientemente dotado.

A Plataforma Cidadá Nunca Máis entende que a catástrofe do Prestige é un desastre de dimensións nacionais que atinxe e implica ao conxunto dos cidadáns e exixe de todos os galegos e galegas unha resposta solidaria.

O sinistro pon en evidencia dun xeito sangrante a ineficacia das medidas preventivas para evitar este tipo de sinistros, a ausencia de planos de emer-

xencia para facer fronte a este tipo de catástrofes, a improvisación e descoordenación nas tarefas de salvamento e loita contra a contaminación e a total escaseza de recursos técnicos e humanos.

Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiencias, reclamamos a demisión das autoridades que coa súa ineficacia e irresponsabilidade

permitiron que o accidente tivese as piores consecuencias, e demandamos a efectivización das medidas recollidas na táboa reivindicativa exposta para que o desastre que padecen reiteradamente as nosas costas (Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Pátria, Casón, Mar Exeo...), e que tanto sufrimento provocan na sociedade galega non se volva a producir **NUNCA MÁIS**.

Nunca Máis

Plataforma contra a Burla Negra: organizando a carraxe

Rafa Villar

O día 25 de novembro, a penas doce días despois de que o petroleiro Prestige sofresse unha via de auga perto de Fisterra, case dúscenas persoas dos ámbitos máis diversos da cultura reunían-se en asemblea. A finalidade da xuntanza era avaliar as posibilidades de dar unha necesaria resposta, desde o ámbito cultural, ante a magnitude da traxedia orixinada polas cantidades inxentes de fuel que o Prestige vertera nas nosas costas, todo isto a pasividade máis absoluta das autoridades e cando xa transcorreran dez anos desde a última catástrofe destas características, a provocada polo Mar Egeo.

Tras máis de tres horas de posta en comun, de vivos debates sobre a orientación desa resposta ou mesmo de considerar a importancia de ver reunidos unha amplísima representación dos diferentes sectores da nosa cultura, tomaron-se uns poucos pero suficientes acordos para botar a andar esta iniciativa. Cos ali presentes (xentes do teatro, escritores, músicos, artistas plásticos, persoas vinculadas ao audiovisual...), daba-se por constituída a a Plataforma contra a Burla Negra, que como primeira acción ía comezar de inmediato un peche na Casa da Cultura da vila costeira de Laxe. Así mesmo, tomaba-se o acordo de apoiar a manifestación do día 1 de decembro, convocada pola plataforma cívica, de carácter sócio-político, “Nunca Máis”. Tamén se anuncia nesa asemblea a creación dunha páxina web, dentro do portal Vieiros, que se servise de canle de comunicación da nacente Plataforma. Por último, recomenda-se a difusión da iniciativa e mais a promoción dun lazo negro como símbolo da protesta.

Como definición, a Plataforma contra a Burla Negra era fundamentalmente unha plataforma de acción, con pretensión de amplificar a voz da protesta, achegando o gran de area —manchado de carraxe— dun ámbito, como o cultural, que cando menos no plano simbólico e de imaxe pública ten a súa importancia no funcionamento dunha sociedade como a nosa.

O peche, que conseguiu centos e centos de adhesións, prolongou-se desde o martes 26 de novembro ao sábado 30, e axudou a crear unha certa dinámica para a Plataforma, que ía renovando caras e mesmo voceiros case dun día para outro.

Chegado o día 1, a presenza da Plataforma contra a Burla Negra fixo-se notar ben na colosal manifestación que rebordou as ruas de Compostela como nunca outra mobilización destas características o fixera. Con pancarta propia, consignas improvisadas e música a esgalla, o corpo conformado polos compoñentes da Plataforma e pola xente que se conseguiu atraír foi numeroso, e destacaba pola respeitada indicación de que as persoas acudisen vestidas estritamente de negro, transformando-se nunha auténtica maré humana solidaria e reivindicativa.

A mesma tarde do día 1 a Plataforma volveu-se a xuntar en asemblea, máis numerosa aínda que a anterior. Tras as avaliacións respectivas sobre o traballo feito e as accións emprendidas, así como abrindo posibilidades para futuras propostas de actuación, a Plataforma no seu conxunto decidiu seguir teimando no seu labor, conscientes todos e todas de que unha verdadeira resposta ante esta traxedia só pode vir dada desde unha temporalización das actuacións a curto, medio e longo prazo. Para este fin, avogou-se pola constitución dunha coordinadora da Plataforma, que no día seguinte ao da asemblea se configurou con oito persoas, recaíndo a portavocía compartida no escritor e músico Xurxo Souto e na actriz Patricia Vázquez. Con eles forman parte da coordinadora: o xornalista Tomás Lijó, o pintor Quintana Martelo, o ensaiante e poeta Séchu Sende, o guionista Xosé Castro Pato, o estudoso da cultura marítima Xoaquín Cuiñas e quen isto escribe.

<http://burlanegra.vieiros.com>
contraburlanegra@vieiros.com

A maré social non cesa: máis de 300.000 persoas voltan á rua o 11 de decembro

Máis de 300.000 persoas manifestaron-se o 11 de decembro en todas as cidades galegas e moitas vilas para pedir solucións efectivas polo accidente do Prestige, e exixir dimisións pola manipulación informativa, a falta de medios e a incapacidade para afrontar o problema.



O PP aparece claramente no centro das acusacións.



Todos peden dimisións.



As mobilizacións realizáronse o día 11 de decembro en cidades e vilas de Galiza, convocadas pola “Plataforma Nunca Máis” da que forman parte unhas 50 organizacións de todo tipo. A finalidade era, máis unha vez, exixir a declaración de zona catastrófica, outras medidas que permitan afrontar o problema da maré negra, recuperar as costas, e pedir responsabilidades ao Goberno central e á Xunta de Galiza.

A de Vigo foi a manifestación máis numerosa, entre 150.000 e 200.000 persoas (130.000 segundo a policía municipal). Meia hora antes de encetar a mobilización xa estaban no lugar de partida millares de persoas. Ao final repetiu-se varias veces o manifesto. Cando se rematou de ler a primeira vez e despois de cantar o hino galego, aínda a cola estaba máis arriba do Corte Inglés na Gran Vía. Foi, sen lugar a dúbidas, unha manifestación maior que a da folga xeral do 20 de xuño deste ano. Durante o percorrido berraron-se distintas consignas, entre as cales as que máis se escoitaron foron as de: “Dimisión”; “O do bigote que limpe o chapapote”; “Fraga, Aznar, dimisión”; “Menos mal que nos queda Portugal”; etc.

Na cidade de Pontevedra mobilizaron-se 60.000 persoas, na maior manifestación que nunca percorreu as ruas da cidade. Por tres veces repetiu-se ao final o manifesto, unha vez que saían uns e entraban outros, para que o puidesen escoitar todos os presentes.

Noutras cidades o número de manifestantes foi o seguinte: Ourense entre 25.000 e 30.000 persoas; en Compostela entre 15.000 e 20.000; na Coruña 10.000; Lugo 3.000; Ferrol 2.000 persoas.



Denuncian a manipulación dos medios públicos.



Na cidade de Vigo saíron á rua máis de 150.000 persoas. Só houbo un precedente disto durante a folga xeral de xuño deste ano.

En Pontevedra, 60.000 persoas protestaron pola cidade, marcando tamén fitos históricos na cidade.



A CIG incrementa o seu liderato nas eleccións sindicais da Banca

O pasado 18 de decembro celebraron-se as eleccións sindicais no sector de banca e a CIG revalidou novamente a súa posición como primeira forza sindical incrementando a representatividade.

Como froito dos procesos de fusión e reconversión silenciosa no sector neste proceso diminuíu o número de delegados/as a eleger. Os resultados en escala galega quedaron así: CIG: 131 delegados/as; CCOO: 69; UGT: 68; outros 59.

Por provincias a CIG é novamente maioritaria nas provincias de Ourense e A Coruña, acadando por primeira vez esta posición en Pontevedra, con 40 delegados/as; CCOO: 29; UGT: 20; outros: 14.

Na provincia da Coruña a CIG obtivo 55 delegados/as; CCOO: 27; UGT: 24; outros: 28.

Na provincia de Ourense a CIG acadou 24 delegados/as; UGT: 9; CCOO: 8; outros 5.

En Lugo a CIG logrou 12 delegados/as; CCOO: 5; UGT: 15; outros: 8.

Tamén o pasado 20 de novembro, celebraron-se as eleccións sindicais na empresa Caixa Galicia, na que a CIG mantén a súa maioría sindical. Os resultados son os seguintes: CIG, 34 delegados/as; CCOO, 22; UGT, 2; e outros, 6.

A estes resultados, habería que engadir-lle os das eleccións celebradas con anterioridade en Pontevedra, Santiago e Ourense, co que quedaría a representación sindical na empresa en Galiza da seguinte maneira: CIG, 45; CCOO, 37; UGT, 2 e outros, 11.

A CIG segue sendo maioritaria en Galiza no sector de Aforro á espera do que ocorra na celebración das eleccións sindicais en Caixanova, empresa na que o proceso está paralizado por diversas impugnacións, que se resolverán en decembro no xulgado do social.

A CIG central sindical única en Faurecia

Despois das eleccións sindicais en Faurecia, unha das maiores empresas da provincia de Ourense, a CIG segue sendo a única central sindical que representa aos 500 traballadores da mesma ao eleger un comité formado por trece representantes da CIG.

Este apoio dos traballadores obedece ao traballo honesto, firme e eficaz dos representantes sindicais da CIG que ten suposto importantes melloras nas condicións salariais e sociais de todos os traballadores.

A CIG avanza en IZAR de Ferrol e Fene e consolida-se na Administración pública

Maioría absoluta no persoal laboral dos Servizos Centrais da Xunta

Nas eleccións realizadas o xoves 28 de novembro na empresa Izar de Ferrol e Fene a CIG obtivo uns bos resultados. Concretamente avanzou en Izar-Ferrol e consolidou-se en Izar-Fene. Son uns resultados importantes xa que se trata dos dous maiores estaleiros de Galiza e dos máis grandes do Estado español nos que o sindicalismo de ámbito estatal sempre tivo o seu feudo.

Dos 25 delegados/as elixidos en Izar-Ferrol (Bazán) os resultados foron os seguintes: 12 para CCOO (-4); 6 para a CIG (+1); 5 da UGT; 2 da USTG (+1). Os datos son moi negativos para CCOO que baixa 4 delegados e perde a maioría da que gozou no Comité dende as primeiras eleccións sindicais.

En Izar-Fene (Astano) elegeron-se 23 delegados: 8 de CCOO, 8 de UGT; 2 da CIG; 3 de AI; 2 de USTG.

Administración periférica do Estado

Nas eleccións sindicais realizadas o día 28 na Administración periférica do Estado en funcionarios a CIG continua a ser a primeira central sindical en Galiza. Concretamente foron elixidos: 24 delegados/as da CIG; 18 do CSIF; 16 de CCOO, 10 da UGT; 10 de USO; 4 da UGT; 4 da ACAIP.

Entre os traballadores laborais da Administración do Estado, das eleccións realizadas, a CIG obtén practicamente a metade. Dos 41 delegados/as elixidos: 20 foron para a CIG; 11 para CCOO; 9 para a UGT; e 1 para a CGT.

Administración autonómica

Fixeron-se este mesmo día eleccións entre os traballadores laborais dos Servizos Centrais da Xunta de Galiza. Os resultados foron os seguintes: 10 da CIG; 4 de UGT; 3 de CCOO.

A CIG revalida a maioría absoluta no Comité de Empresa de ENCE

Os traballadores de ENCE renovaron a súa confianza na CIG outorgando unha nova maioría absoluta ao sindicato nacionalista nas eleccións que se celebraron o pasado mércores 16 de outubro. A CIG obtivo 7 postos no Comité de Empresa; UGT, 4; e CCOO, 2.

No Coléxio de Técnicos Administrativos a CIG e a UGT obtiveron dous delegados cada unha, con maioría de votos para a CIG. CCOO obtivo un delegado. No Coléxio de Especialistas e non cualificados, a CIG obtivo cinco delegados; UGT, dous; e CCOO, un.

“Cumpriron-se os obxectivos que tiñamos marcados, pois os traballadores confirmaron-nos outra vez como sindicato maioritario en ENCE”, sinalou Xosé Antonio Santiago Pesqueira, presidente do Comité de Empresa.

CIG-Ensino gaña de novo as eleccións sindicais no Ensino Público non Universitario

A CIG-Ensino, co 100% dos votos escrutados, non só volve a gañar as eleccións sindicais, senón que é a organización sindical que máis aumenta en número de delegados/as e de votos. Pasa de 48 a 52 delegados/as, o que representa máis do 40% do total, cando a segunda forza, apenas supera o 20%.

A CIG-Ensino avalía moi positivamente o apoio reeibido neste proceso polo profesorado galego, xa que significa un respaldo ao traballo desenvolvido durante estes anos e un recoñecimento explícito ás reivindicacións e aos principios que defendemos, así como un modelo sindical galego, participativo e próximo ao profesorado.

A CIG pasa de 3 a 10 delegados en Alcampo, entra en Indugasa con 3 e aumenta de 9 a 13 en Gestamp

Nos dous supermercados de Alcampo da cidade de Vigo, Coia e Avda de Madrid, a CIG foi a central sindical máis votada, acadando en total 10 delegados/as sindicais (199 votos), fronte aos 9 de CCOO (175 votos), 5 da UGT (87 votos) e 1 de Fetico (55 votos). Eran a eleger un total 13 delegados/os sindicais en cada centro.

En Alcampo 1 (Coia) con 361 traballadores/as a CIG conseguiu 5 delegados-as (tiña 3), CCOO 4, e UGT 4.

En Alcampo 2 (Avda de Madrid) con 372 traballadoras-es, a CIG acadou 5 delegados/as, CCOO outros 5, UGT 1 e Fetico 1.

Indugasa

Esta empresa, auxiliar do automóbil, ten pouco máis de 1.000 traballadores/as e está situada ao lado de Citroën. Por vez primeira a CIG ten delegados nesta fábrica que polo número de operarios é das máis importantes de Vigo no sector industrial.

Os resultados foron os seguintes: no coléxio de operarios: CCOO 8 delegados (322 votos); UGT 5 delegados (194 votos); CIG 3 delegados (149 votos); FSI 3 delegados (115 votos). No coléxio de técnicos e administrativos: CCOO 2 delegados; UGT 1 delegado; FSI 1 delegado. Do total de 23 delegados-as sindicais, CCOO consegue 10, UGT 6, FSI 4, e a CIG 3.

Gestamp

Na empresa Gestamp, que pertence tamén ao sector do automóbil, a CIG xa tiña todos os membros do Comité de Empresa e agora, neste novo proceso electoral, acada os 13 que estaban en xogo ao aumentar o cadro de persoal durante estes anos, e superar a factoría os 300 operarios.

A primeira empresa, Alcampo, pertence á Federación de Servizos (Comercio) e as outras dúas á Federación do Metal (automóbil).

A CIG pede a retirada por parte da Consellaria de Sanidade da Lei de Ordenación Sanitaria

O texto presentado pola Consellaria de Sanidade como anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia (LOSGA) vén suscitando dende a súa aparición pública o rexeitamento xeneralizado dende todos os sectores sociais e profesionais afectados pola mesma.



Xoán Cons
Secretário Xeral CIG-Saúde

O Conselleiro Cochón e a súa equipa redactora da lei conseguiron a unanimidade na crítica profesional dende os Sindicatos, os Coléxios profesionais e as Sociedades Científicas. No plano cidadán tamén a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública iniciou unha campaña de oposición aos contidos da Losga. E mesmo no plano institucional o Consello Económico e Social de Galiza emitiu no seu preceptivo ditame sobre a lei unha opinión enormemente desfavorábel con recomendación de introducir substanciais modificacións no seu articulado.

Acusa-se-lle xustificadamente de ser unha lei privatizadora, fragmentadora e deslegalizadora da xestión do sistema sanitario público; critica-se-lle tamén con razón a imposición do pagamento polos usuários da atención sanitaria de longa estadia; e opón-se-lle final-

mente a absoluta discrecionalidade coa que se autorregala na xestión dos cadros de persoal e na modificación unilateral das condicións de traballo do persoal.

Dende CIG-Saúde temos sinalado os principais aspectos negativos desta LOSGA e temos iniciado unha ampla campaña explicativa dos seus contidos para levar a todos e cada un dos centros sanitarios a nosa grave preocupación por unha lei que de se aprobar nos seus actuais termos vai converter o sistema sanitario público de Galiza nun auténtico queixo de gruyere, con maior inestabilidade, con menos dereitos tanto sociais coma laborais, e sometido a un proceso de descapitalización galopante que

pode xerar perdas de recursos, de equidade, de coesión e de calidade.

Hai dous anos mobilizamos 22.000 consciencias de traballadores e de cidadáns para levar ao Parlamento galego unha Iniciativa Lexislativa Popular que reclamaba a tramitación dunha Lei de Ordenación Sanitaria de Galiza. Seguimos reivindicando a necesidade de que Galiza teña unha lei que reforce e consolide o sistema sanitario público, pero esta LOSGA non ten ese mesmo obxectivo e por tanto denunciámos que esta LOSGA non é a nosa.

Dende CIG-Saúde estamos dispostos a mobilizar a todo o sector sanitario se é necesario, usuários incluídos, para parar a agresión que esta LOSGA representa, e reclamamos con firmeza da Xunta e de Cochón un cambio radical nos contidos da LOSGA ou que asuman que en caso contrario o cambio radical terá que ser o do propio Conselleiro.

«É unha lei
privatizadora,
fragmentadora e
deslegalizadora»

O goberno atrasa na práctica a idade de xubilación, e lle pon toda clase de trabas á xubilación anticipada

Acaba de se publicar no BOE o Decreto 1132/2002, que desenvolve e concreta determinados aspectos da Lei 35/2002 sobre a xubilación gradual e flexíbel. Esta Lei veu a transpoñer ao ordenamento xurídico o Acordo de Pensións asinado polo Goberno español en abril do 2001 (un mes despois de que impuxese a súa reforma laboral) con CCOO e CEOE.

A reforma laboral do 2001 e tamén o Acordo de Pensións posterior deu lugar á Folga Xeral en Galiza, convocada pola CIG e mais por UGT. Agora o desenvolvemento regulamentario vén a poñer outra vez de manifesto o que xa dicíamos daquela:

- **A xubilación anticipada regula-se dunha forma sumamente restritiva, frustrando as lóxicas expectativas de conseguir para todos os traballadores e traballadoras unha xubilación voluntaria a partir dos 60 anos**, tal e como se recoñecía e se segue a recoñecer para aquelas persoas que acrediten cotizacións antes de 1967.

- **Os coeficientes redutores aplicados á xubilación anticipada seguen a manter o seu carácter penalizador para a persoa que se xubila**, en vez de buscar un efecto neutro en relación coa Caixa da Seguridade Social, de xeito que esta non faga “negocio” a custo dos xubilados.

- **Pola contra, potencia-se o atraso na idade de xubilación** -o que prexudica ao emprego da mocidade-, tanto con medidas de compatibilización da pensión co traballo remunerado, como através de bonificacións ás empresas e de beneficios adicionais na contía da pensión para aquelas persoas que permanezan no traballo en vez de xubilarse.

O regulamento responde con máis claridade, se cabe, á filosofía inicial de atrasar na práctica a idade de xubilación, ao tempo que se lle pon toda clase de trabas á xubilación anticipada.

En concreto, o Decreto publicado no BOE de 27 de outubro determina os requisitos para ter dereito a xubilarse: Ter cumpridos 61 anos; acreditar un período mínimo de cotización de trinta anos completos, día a día, sen que se teña en conta a parte proporcional da pagas extras nen o aboamento de beneficios, en anos e días, por cotizacións anteriores ao 1 de xaneiro de 1967; levar inscritos polo menos seis meses como

demandantes de emprego antes de solicitar a xubilación anticipada; e que o cesamento no último traballo fose por causa non imputábel á libre vontade do traballador. Xa que logo, non se recoñece a voluntariedade da xubilación anticipada apesar da propaganda en contrario dos asinantes, e especialmente do sindicato español CCOO.

Agora define-se con detalle que se entende por causa non imputábel á libre vontade do traballador, non vaia ser que as persoas que queren e poden xubilarse busquen artificios para sortear a filosofía da norma, porque o que está claro é que a lei pretende atrasar a xubilación e non fomentar que se antecipe. Por exemplo, se se extingue a relación laboral durante o período de proba, por decisión do empresario, a persoa que queda no paro non poderá xubilarse, apesar de ter dereito e cumprir todas as condicións, se no traballo anterior causou baixa por culpa del ou simplemente porque quixo.

Respeito da xubilación retardada o regulamento especifica que para o cumprimento dos requisitos que darán lugar a un incremento adicional do 2% anual da base reguladora da pensión (ter sesenta e cinco anos de idade e 35 anos cotizados) si que se terán en conta as bonificacións ou anticipación de idade que, se é o caso, correspondan por traballos tóxicos, penosos, perigosos, o que non ocorre no caso das xubilacións anticipadas.

Especifican-se tamén unha serie de medidas para favorecer a permanencia no traballo das persoas maiores de 65 anos e a compatibilización da pensión a tempo parcial co traballo a tempo parcial, sen necesidade de que a empresa cubra o tempo vacante coa contratación, indefinida ou temporal, dunha persoa moza. En definitiva, o Decreto volve a deixar claro cal é o obxectivo das normas da chamada “xubilación flexíbel”, endurecer os requisitos para xubilarse anticipadamente e favorecer a permanencia no traballo das persoas con dereito a xubilarse.

Fernando Acuña Rúa

X Encontro Galego de Relacións Laborais

O 22 e 23 de novembro, celebrou-se o X Encontro Galego de Relacións Laborais, que organiza anualmente o Consello Galego de Relacións Laborais e que conta cunha ampla representación das diferentes instancias que gardan relación co mundo do traballo. Ademais dos sindicatos e da Confederación de Empresarios de Galicia, participan representantes da xudicatura, fiscais, Inspección de Traballo e Seguridade Social, universidades, escolas de relacións laborais e Administración Pública galega.

Nesta décima edición, a primeira parte do encontro ocupou-se dos sistemas de solución extraxudicial de conflitos, aprofundando na análise das posibilidades e limita-

cións que o marco legal vixente presenta para, a partir da exitosa experiencia do chamado AGA-I (sistema de solución extraxudicial de conflitos colectivos creado en Galiza por acordo dos sindicatos máis representativos e a patronal CEG), consolidar expectativas a respecto da implantación dun sistema que acolla tamén todos ou parte dos conflitos laborais de carácter individual.

A segunda parte, centrou-se nas reformas do desemprego e na Lei Concursal que está actualmente a debate no Parlamento do Estado.

A comunicación transmitida ao X Encontro pola CIG verbo desta temática, pronuncia-se por unha re-

forma do desemprego en sentido diametralmente oposto ao *Decretazo* que motivou a folga xeral do 20-X.

Tendo en conta que o Estado español é dos que menos adican en Europa á protección social, os *superávits* que está tendo o sistema de desemprego (3.000 millóns de euros cada ano) e a escasa porcentaxe de cobertura (en Galiza 4 de cada dez persoas en paro non perciben nengunha prestación económica) é evidente que existe unha ampla marxe para a mellora das prestacións, atendendo un problema social que, apesar de non ser materia que forme parte da *axitación mediática*, aparece sempre nas enquisas oficiais como o principal problema para a cida-

dania. No que respecta ao anteproxecto de Lei de Emprego, que se atopa aparcaado desde a crise de goberno posterior á folga xeral, a CIG denuncia o seu carácter fortemente recentralizador, que pretende reforzar e consolidar as competencias do chamado “Servicio Público de Emprego Estatal” en detrimento das Comunidades Autónomas, que fícarían como meras *entidades colaboradoras* para a xestión das denominadas políticas activas.

Por outro lado, con este anteproxecto o goberno pretende abrir a posibilidade de celebrar contratos de inserción ás entidades privadas con ánimo de lucro, o que sería un novo instrumento de precarización da contratación laboral e unha nova

regalía para as empresas favorecidas polo programa público correspondente, que obterían subvencións ao custo salarial mentres o traballador ou traballadora se vería cos seus dereitos laborais devaluados e cun salario paupérrimo.

Finalmente, polo que toca ao proxecto de Lei Concursal que se está a debater nas Cortes, a CIG entende que esta norma, que pretende unificar e actualizar a lexislación aplicábel ás situacións de empresas en quebra e concurso de acredores ou en suspensión de pagos, na súa vertente laboral é unha nova agresión aos dereitos da clase traballadora. Efectivamente, a xurisdición exclusiva e excluínte do Xuiz do mercantil para coñecer de

todas as accións civís e sociais con transcendencia patrimonial que se dirixan contra o concursado, sitúa os traballadores e traballadoras como un acredor máis, sen ter en conta a súa especial posición como parte da empresa, e sen consideración das súas necesidades económicas perentorias e vitais, quedando nunha clara indefensión ante a ruptura do equilibrio de prestacións do contrato de traballo.

O Encontro rematou coa elaboración de 14 consideracións, consensuadas entre as partes representadas, no seo de dúas comisións que traballaron sobre candansua parte do programa (As Consideracións, así como o texto da Comunicación apresentada pola CIG, poden-se consultar en www.galizacig.com).

Manuel Mera

Arrepiá que utilizando o seu poder militar Estados Unidos decida unilateralmente, sen respectar nengun dos acordos internacionais e os máis elementais dereitos humanitarios e democráticos, atacar Iraq. Actúa deste xeito polo desexo evidente de querer controlar politicamente este país e apropiarse da riqueza enerxética que posúe, en beneficio exclusivo da clase empresarial do império. Por outro lado, a situación en Palestina é dramática. As zonas ocupadas son unha prisión, onde se detén, mata e tortura con total impunidad por parte das autoridades israelís. Non se cumpren aquí nengunha das resolucións das Nacións Unidas (cada vez máis servil aos grandes estados), practicando-se coa maior naturalidade unha actitude distinta neste caso que naqueles nos que os afectados son réximes ou países nada dóceis a Washington. Ademais, como non se trata só dun modelo de exportación, senón dunha nova etapa do capitalismo (globalizador e neoliberal) que Samir Amin cualifica de “senil”, despois dos atentados terroristas do 11 de setembro do 2001, impuxeron-se importantes recortes das liberdades fundamentais nos denominados estados “democráticos”.

A postura da Unión Europea é vergoñenta, noxenta, pola súa submisión a Estados Unidos. O que amosa, para alén da leria, a comunidade de intereses co império, mesmo dos partidos socialdemócratas. Remata-se normalmente apoiando ou aceptando as actuacións máis agresivas e dunha maior explotación dos países dependentes e das clases sociais máis baixas.

Agora ben, aínda sendo o dito certo, hoxe non podemos facer unha lectura única da situación internacional; así mentres o poder económico-informacional-militar dos Estados

De Iraq a Floréncia, o capitalismo entre a represión e a mudanza



Unidos, co apoio da Unión Europea, semella que vai pór de xeonllos a todos os países e povos do planeta, e mesmo algúns coidan que non hai mudanza posíbel, xorden aquí e acolá experiencias que saen fóra deste guión: como as de Venezuela, Brasil e Ecuador, por exemplo. Sen esquecer a países que, como Cuba, manteñen contra vento e maré a soberanía. E, mentres semella ser esta a realidade, que nos venden arreo teimosamente os grandes medios de información, constantemente e sen acougo inza o movemento de oposición á globalización (ou sexa aos planos imperiais dos Estados Unidos e os seus aliados).

E todo isto, mála o aumento do militarismo e a represión. Ademais, non se pode ignorar ou esquecer, que non é un modelo consolidado e con futuro aquel que, incapaz de fornecer solucións aos graves problemas da maioría da humanidade, recorre sistematicamente ao emprego da forza. Un modelo así ten pés de barro, xa que agudiza no día a día as contradicións.

O Foro Social de Floréncia reflectiu máis unha vez a vitalidade do movemento de oposición á globalización, e amosa o aumento das contradicións

ás que facíamos referencia. Foron dúcias de millares os participantes, e entre meio e un millón as persoas que se manifestaron neste cidade da Toscana, en Italia, na principal mobilización realizada. Foron eixo central dos debates, como no Foro Social de Porto Alegre, os grandes problemas da humanidade, e especialmente o referente ao terror que se exerce sobre a poboación palestina por parte de Israel e o anunciado ataque contra Iraq por Estados Unidos. Son intrínsecos, contraditórios, mais iso non quer dicir que non se ergan en todas as partes loitas, forzas e movementos que procuren abrir as portas do cambio. De todos e todas depende, tamén dos galegos e galegas. Nisto está comprometida a nosa central sindical.

A negociación colectiva do 2003: tarefa principal da acción sindical da CIG

Unha perda de saláridos afectada fundamentalmente polo Acordo Confederal asinado por UGT, CCOO e CEOE a primeiros de ano e que limitou o incremento xeral sobre bases aproximadas ao 3%, cando precisamente a explosión na subida de prezos está sendo a mais alta dos últimos anos: A maiores unha precariedade que crece en termos absolutos animada polas diferentes reformas do Goberno do Partido Popular.

Debemos recoñecer que este modelo de Pactos de contención salarial e reformas da lexislación laboral está sendo enormemente frutífera para o sistema político e as empresas, pero especialmente prexudicial para a clase traballadora. Desde o sindicalismo galego temos que orientar o noso esforzo en mudar o rumbo e os resultados da negociación colectiva pola responsabilidade que temos contraída cos traballadores e traballadoras galegas.

Os pactos de contención salarial asinados polo sindicalismo españolista están ampliando a fenda diferencial entre os saláridos galegos e a media do Estado. Se para o cálculo desta media nos cinximos ao traballo asalariado en sectores privados e non públicos, as retribucións da clase que vive do traballo no noso País son inferiores en perto do 23% da media do Estado. Esta diferenza non mostra unha tendencia a corrixirse, senón que, pola contra, crece con cada Pacto pola natureza dos mesmos, xa que se asinan incrementos restritivos en termos porcentuais. Deste xeito os incrementos en porcentaxes para os galegos e galegas resultan unha cantidade

A próxima negociación dos convénios colectivos para o ano 2003 constituirá para a CIG a tarefa prioritaria de acción sindical, xa que consideramos unha necesidade urxente reverter o proceso de deterioración e retroceso das condicións xerais de traballo.

Antolin Alcántara
Secretario Confederal de Negociación Colectiva



Manifestación da CIG este 1 de maio do 2002.

menor sinxelamente porque os nosos saláridos son menores. As repercusións destas medidas son exponencialmente máis prexudiciais para a nosa sociedade xa que este déficit se transmite en cadea a todas as persoas dependentes dunha prestación, parados, pensionistas, con invalidez, en I.T., etc., como consecuencia das cotizacións salariais.

Malia que os damnificados por estes acordos son sempre os traballadores e traballadoras e non os empresarios, asistimos neste final de ano a novas chamadas dos sindicatos do Estado para renovar un novo Pacto Interconfederal, sen que esta cesión continuada de saláridos teña como contrapartida nen menos precariedade nen tampouco menos reformas da lexislación laboral. A historia recente

demostranos que desde os Pactos da Moncloa e a súa continuación ininterrompida até o día de hoxe destes Acordos de contención de saláridos, é contestada desde o Poder cunha sucesión de Reformas que afectan a todas as fronteiras do traballo, Pensións, Desemprego, Dereitos, Despedimentos. Por iso a nosa pregunta é sinxela: por que estes sindicatos entregan dereitos salariais e laborais constantemente ao poder en troques de nada?

A situación en Galiza ten, a maiores, acento negativo noutros parámetros laborais: os baixos saláridos non contribuíron nen contribúen a mellorar o emprego; a taxa de temporalidade é un 4% maior en Galiza que no Estado e o desemprego mantén proporcións semellantes e afecta ao 11.4% da

povoación activa.

TEMAS CENTRAIS

Como parece previsible, e xa se está anunciando, asinará-se un novo Pacto Confederal a nivel de Estado de contención salarial. Neste contexto a nosa obriga desde todas as Federacións da CIG—e coa finalidade de recuperar saláridos e recortar distancias co resto do Estado— será defender incrementos salariais superiores ao IPC. Parece máis oportuno neste intre mudar a demanda tradicional de solicitar aumentos nas retribucións sobre IPC previsto e cláusulas de revisión a final de ano, por outra de IPC real do ano anterior e revisión sobre o previsto. Deste xeito, tamén para o seguinte ano se debe incrementar sobre o IPC real, polo que nunca perderemos salario dependendo das cláusulas

de revisión a finais de ano, que en moitos convénios non existe, ou non se garante nen a retroactividade nen a totalidade da desviación do IPC de todo o ano. Temos que admitir que en todos estes anos atrás os gobernos e os empresarios actuaron intelixentemente cargando sobre a clase traballadora as desviacións da inflación, que deste outro xeito non poden facer. Debemos valorar que o salario dignifica nunha medida máis xusta o traballo, e a nós—os galegos e galegas— sobran-nos motivos para demandar un salario máis xusto.

Noutra fronte, a precariedade na contratación debe ser abordada dun xeito decidido na negociación colectiva. A precariedade ten uns niveis tan desproporcionados nalguns sectores, que permite as empresas desobedecer todas as normas do Convénio Colectivo e os dereitos recollidos neste. Así, a maiores dos baixos saláridos producen-se xornadas laborais sensiblemente superiores ás dispostas legalmente, sen ser consideradas na maioría dos casos como horas extraordinarias polo que tampouco non se compensa en salario, ou onde ten a consideración de xornada extra aboa-se a prezos inferiores ao legal. Deste xeito suceden-se dúas infraccións empresariais nun mesmo abuso, substracción de salario e sobrexornada laboral; que só pode ocorrer nun marco de precariedade e explotación.

Desde a CIG somos

conscientes desta realidade que alcanza unha progresión cada vez maior e que afecta fundamentalmente aos sectores das traballadoras e aqueles outros menos cualificados. Na actualidade rexístrase tamén un incremento da precariedade na man de obra inmigrante que se está incorporando sustidamente nos traballos legais e ilegais. Somos conscientes da dificultade de establecermos como demanda central na negociación colectiva a diminución da xornada laboral. O marco de precariedade e os baixos saláridos provocan que toda redución de horas de traballo pactada sexa absorbida por horas extras ou xornadas ilegais.

Desta maneira o ataque máis directo contra o aumento da precariedade debe afectar á contratación. As experiencias nalguns convénios de taxar un mínimo de fixos e penalizar con indemnizacións a eventualidade parece o mellor camiño.

Na mesma orde, a saúde laboral gaña inteiros na atención que debemos prestar desde a nosa central sindical. O convénio colectivo é o instrumento perfecto para ordenar todas as principais urxencias que temos nesta materia.

Nos vindeiros días a CIG remeterá a todos os organismos de dirección da central sindical o documento elaborado e pormenorizado para a negociación colectiva do 2003, un documento no que participarán as Federacións e Comarcas, para que sexa posíbel transcender do ámbito xeral das propostas a aquel outro que recolla todas as particularidades.